**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 27 DE NOVEMBRO DO 2017.-**

| | |
|---|---|
| Sr. Alcalde:<br>Dn. Julio Ignacio Iglesias Redondo<br>Sres. Concelleiros:<br>Dna Mª Victoria Montenegro Paz.<br>Dna Olimpia Marcos García.<br>Dna. Alma Beatriz Barrón Ferro.<br>D. José Juan Vilar Rico.<br>D. Gustavo Pita Carballeira<br>D, Luis Cendán Fernández.<br>D. Emilio Mesias Farías.<br>Dn. Manuel Bello Bouza.<br>Dna Cristina Cadena Freire.<br>Dna. Josefina Martínez Martínez.<br>Dna. Marta Seijas Díaz.<br>D. Ricardo José Fernández Lage.<br>Sr. Secretario:<br>D. Manuel Larrosa Rodríguez. | No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as once horas e corenta minutos do día vintesete de novembro do dous mil dezasete, previa convocatoria e citación ó efecto, reúnese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario, o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez. |

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adóptense polo Concello Pleno os seguintes acordos:

**1º.- APROBACIÓN SE PROCEDE APLICACIÓN IPC 2018 ORDENANZAS.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía aplicación IPC 2018 Ordenanzas, de data 18/11/2017, que seguidamente se transcriben;

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**MODIFICACIÓN POR APLICACIÓN DO IPC DAS ORDENANZAS FISCAIS SEGUINTES**

1. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO)

TAXAS

2. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS SOCIOCULTURAIS, DEPORTIVOS E DE LECER.
3. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR LICENCIA DE APERTURA DE ESTABLECEMENTO.
4. ORDENANZA FISCAL REGULADO RA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.
5. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR
6. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA UTILIZACIÓN PRIVATIVA OU O APROVEITAMENTO ESPECIAL DO DOMINIO PUBLICO LOCAL POLAS EMPRESAS EXPLOTADORAS DE SERVIZOS DE TELEFONÍA MOBIL.
7. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLO APROVEITAMENTO ESPECIAL DE TERREOS DE DOMINIO PÚBLICO CON CAIXEIROS AUTOMÁTICOS INSTALADOS NA FACHADA DE

ESTABLECEMENTOS (BANCARIOS, VENDINO. VIDEOCLUBS. ETC.) E CON ACCESO DIRECTO DE A VÍA PÚBLICA

8. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR ENTRADA DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARRÚAS E AS RESERVAS DA VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE.
9. ORDENANZA REGULADORA DA LICENZA DEVAOS
10. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR EXPEDICIÓN DE DOCUMENTOS ADMINISTRATIVOS
11. ORDENANZA FISCAL UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DE PÁDEL DE PEDRÓS. ALUGUEIROS E CLASES
12. REGULAMENTO DO CAMPO DE FÚTBOL MUNICIPAL DE PRADOS VELLOS.
13. ORDENANZA REGULADORA DO OUTORGAMENTO DE LICENZA DE PRIMEIRA UTILIZACIÓN OU OCUPACIÓN DOS EDIFICIOS.
14. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RECOLLIDA DO LIXO.
15. REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE POSTOS NO MERCADO MUNICIPAL DE ARES
16. REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS CON MERCADORÍAS, MATERIAS DE CONSTRUCIÓN, CASCALLOS, VALADOS. PUNTAIS, ASNELOS. ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS
17. REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS E CADEIRAS COA FINALIDADEE LUCRATIVA.
18. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA OU POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO POLIDEPORTIVO MUNICIPAL.
19. REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS A VÍA PÚBLICA.
20. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS.
21. ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE COLECTORES E ESTACIÓNS DE BOMBEO DAS AUGAS RESIDUAIS VERTIDAS Á REDE DE SANEAMENTO MUNICIPAL E ALTA DA ZONA NORTE DA RÍA DE ARES E SUR DA RÍA DE FERROL.
22. ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO. SOLO EVOO DA VÍA PÚBLICA.
23. REGULADORA DO DEPÓSITO DE CARGA E TRANSPORTE DE MADEIRA E TALA.
24. ORDENANZA REGULADORA TAXA PRESTACIÓN DE SERVIZO DE ALUGUEIRO DE BICICLETAS TURÍSTICAS biciclcTARES,

<u>PREZO PÚBLICO</u>

25. ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA PRESTACIÓN DO Servizo DE AXUDA NO FOGAR POR LIBRE CONCORRENCIA E A PERSOAS VALORADAS COMO DEPENDENTES.

Intervén o Alcalde abrindo a primeira queda de intervencións, pide a palabra o voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que eles creen que non se debe aplicar o incremento do IPC de forma lineal a todas as ordenanzas e como o segundo, o terceiro e o cuarto punto tamén se refiren a este tipo de ordenanzas pois va a intervir no seguinte, porque isto só se refire a aplicación do IPC.

O Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martinez Martinez dicindo que eles van a votar en contra, porque de 93 concellos que hai na provincia no ano 2008 Ares estaba no posto 32 con un índice de presión fiscal por habitante de 255,31 € , no ano 2012 situámonos no posto 31 e o índice de presión fiscal ascendeu a 329,94€ pero e que no ano 2015 nos sitúa vostede no posto número 11 cunha presión fiscal de 519,43 €. No ano 2015

reflectise unha subida da presión fiscal a cada aresán de máis dun 49,4% máis que no ano 2008, entón vostede o que está facendo e seguir estrangulando aos veciños cunha subida de impostos encuberta como quería facer co servizo do auga, por iso non vamos a votar a favor.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non sabe de onde saca eses datos xa que os impostos se subiron no ano 2011 e non volveron a subir máis, non sei como no 2015 houbo unha subida do 40% canda vostede eras concelleira da oposición e non participou na votación de ningún incremento fiscal absolutamente ningún. Entón no 2003 foi a última subida do IBI do seu goberno e logo eu fíxena no 2011 creo recordar, e efectivamente aí tocáronse as ordenanzas fiscais e incrementouse o TIC, no 2015 non sei que incrementos hai, aquí o que facemos no punto nº1 e aplicar o IPC para evitar o impacto negativo da inflación que por certo, fanse en todas as administracións públicas con independencia do color político.

Continúa o Sr. Alcalde dirixíndose a voceira do PP que lle recorda que el ningún momento levou no seu programa electoral que non ía subir os impostos, e lle recorda que eles si e hasta subiron o IVA das chuches, entón iso o teñen que aplicar vostedes que son os que din que non van a subir os impostos e acábannos subindo, nós non temos ningún compromiso neste sentido, fixemos política fiscal e en tres lexislaturas que eu recorde só se subiron unha vez. Na primeira lexislatura non se fixo política fiscal, na segunda lexislatura un ano, e non se volveu a facer máis non se volveu a incrementar ningún tipo impositivo.

Intervén o Sr. Alcalde abrindo a segunda quenda de intervencións, pide a palabra a voceira do PP.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez respondendo que no portal de información de política local verá como se van incrementando os impostos, que non o quita da manga.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non entende como se poden incrementar sen subir os tipos, pero que quen teñen que dar leccións a vostedes mesmos son vostedes.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que eles non.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que si porque prometeron non subir os impostos, que o do goberno non e un problema de incumprimento de programa non prometeu nin subilos nin baixalos. Cando se tiveron que subir, subíronse e agora van baixando pouco a pouco o IBI para poñelo conforme ao entorno da comarca, polo tanto quen lle mentiu a cidadanía foron vostedes que prometeron non subilos e os subiron, esa é a realidade.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dando paso as votacións.

Sometida a votación a modificación das ordenanzas anteriormente transcritas, por aplicación do IPC 2018, o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1NAL, 1 Son de Ares), 3 votos en contra (3 PP) e 3 abstencións (3 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia:

1.- Aprobar inicialmente a Modificación das Ordenanzas anteriormente transcritas, por aplicación do IPC 2018.
2.- Someter o presente acordo a información pública polo período de 30 días mediante publicación no BOP, durante o cal poderase formular alegacións e reclamacións polos interesados. Significando que de non presentarse alegacións ou reclamación entenderase definitivamente aprobada.

**2º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DAS LICENZAS DE 1º OCUPACIÓN DE EDIFICIOS.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía Modificación da Ordenanza Reguladora das Licenzas de 1ª Ocupación de edificios, de data 08/11/2017, que seguidamente se transcribe;

**PROPOSTA DA ALCALDÍA**

Modificación Ordenanza outorgamento de licenzas de 1ª utilización ou ocupación de edificios:

Dáse nova redacción ao artigo 8º.6:

6.- O tipo de gravame a aplicar será o seguinte:

-Por cada vivenda: 135,00 Euros.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que isto e unha corrección de erros, xa que na publicación saíu unha cantidade inexacta, e polo tanto procedemos a emendar ese erro.

Toma a palabra o Sr Alcalde dando paso ao primeira quenda de intervencións e dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Intervén o Sr. Mesías Farías dicindo que aínda sabendo que é unha emenda ou sexa un erro, daquela non estaban de acordo con esa aplicación, entón en coherencia con iso ímonos a abster.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que eles creen que o redondeo ten que ser a baixa que si son 134,04€ ten que ser 134€ e non 135€.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que non sabe como se aplica, pero que isto é unha emenda de erros que temos que fixar a cantidade que estaba fixada e que equivocáronse en publicala senón xa non é unha corrección de erro.

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que no BOE do 18 de agosto hai dous erros porque aparece 131,50€.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que ese é o erro, pero que si lle queremos dar voltas pois moi ben, moi interesante o debate.

Responde a Sra. Martínez Martínez preguntando cal é a cantidade correcta é 135€.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que si vostede pensa que hai que baixar os impostos a un promotor que fai un edificio de 70 vivendas pois moi ben esa e a súa opinión a miña non.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dando paso as votacións.

Sometida a votación a Modificación da Ordenanza Reguladora das Licenzas de 1ª Ocupación de Edificios, anteriormente transcrita, o Concello Pleno por 10 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1NAL, 1 Son de Ares, 3 PP) e 3 abstencións (3 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia:

1.- Aprobar inicialmente a Modificación das ordenanza reguladora das Licenzas de 1ª Ocupación de Edificios.
2.- Someter o presente acordo a información pública polo período de 30 días mediante publicación no BOP, durante o cal poderase formular alegacións e reclamacións polos interesados. Significando que de non presentarse alegacións ou reclamación entenderase definitivamente aprobada.

**3º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA DA TAXA POLA DISTRIBUCIÓN DE AUGA.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía Modificación da Ordenanza da Taxa pola distribución de Auga, de data 08/11/2017, que seguidamente se transcribe;

**Proposta de Alcaldía da modificación da ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR DISTRIBUCIÓN DE AUGA, INCLUÍDO OS DEREITOS DE ENGANCHE E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.**

**Artigo 5°.-Cuota tributaria**

Engádese:

1 ª Alta de subministro 21,58 €.

2ª Alta, 100 € con contador.

3ª Alta e seguintes, 150€ con contador.

Contador 13 mm diámetro 48,39 €.

Contador 15 mm diámetro 48,39 €.

Contador 20 mm diámetro 64,84 €.

Contador resto de diámetros segundo orzamento.

Acometida de abastecemento ata 4 metros de lonxitude totalmente instalada e probada sen incluír contador, reposición nin arqueta para contador: 315,28 €.

Prolongación de acometida superior a 4 m e inferior a 10 m M / Lineal 32mm: 8,78 €.

Acometida de abastecemento ata 4 m de lonxitude totalmente instalada e probada sen incluír contador nin reposición de 50 mm: 356,80 €

Prolongación de acometida superior a 4m e inferior a 10 m M / linea l 50 mm : 11,15 €.

Acometida de abastecemento ata 4 m de lonxitude totalmente instalada e probada sen incluír contador, nin reposición 63 mm: 441,14 €

Prolongación de acometida superior a 4m e inferior a 10 m M/ linea l 63mm: 11,40 €.

Acometida de abastecemento hasta 4 m de lonxitude totalmente instalada e probada sen incluír contador nin reposición 75 mm: 535,20 €.

Prolongación de acometida superior a 4m e inferior a 10 m M/ lineal 75mm: 12,78€

De m. y Repo. de acometida de abastecemento en asfalto Metro / lineal: 11 ,29 €.

De m. y Repo. de acometida de abastecemento en formigón Metro/ lineal: 22,88 €

De m. y Repo. de acometida de abastecemento en beirarrúa Metro/ lineal 21,46 €

Acometida de saneamento ata 4m de lonxitude totalmente instalada e probada sen incluír rexistro nin reposición 160/200 mm: 342,15 €

Prolongación de acometida superior a 4m e inferior a 10 m, 1 60 / 200: 79,70 €

Arqueta de rexistro de 40 x 40 reforzada colocada: 167,59 €

De m. y Repo. de acometida de saneamento en asfalto Metro/ lineal: 34,07 €

De m. y Repo. de acometida de saneamento en formigón Metro / lineal: 39,12 €

De m. y Repo. de acometida de saneamento en beirarrúa Metro/ lineal: 42,90 €

**Artigo 8°.- Obriga de pagamento.**

O pagamento da taxa efectuarase mediante recibo. A lectura do contador, a facturación e cobramento do recibo **farase trimestralmente** e para o efecto de simplifica-lo cobramento, poderán se incluídos nun recibo único, que inclúa de forma diferenciada as cotas ou importes correspondentes a outras taxas que se retribúan no mesmo período, tales como recollida do lixo, rede de sumidoiros etc...

Intervén a Sr. Alcalde explicando que cando o recibo do auga tivo o seu primeiro impacto que foi o da Xunta de Galicia que se supón que é para financiar infraestruturas hidráulicas de feito aquí fíxose unha que foi a EDAR, pero cando a EDAR entrou en funcionamento aparte do canon do auga entraron dous canons a maiores que foi o canon de vertidos que é o custe da depuración e o canon por mantemento dos colectores e bombeos e dicir, custe eléctrico de levar todas as augas fecais ata Chanteiro.

Intentouse corrixir ese impacto, en vez de pasar o recibo cada tres meses que se xuntaba moito pois cada dous que se xunta menos, pero cada dous meses ten un impacto positivo nas familias numerosas pero negativo na xente que vive soa, porque a xente que vive soa non se beneficia en absoluto da baixada de dous meses porque ten que pagar un mínimo a maiores, despois de darlle mil voltas pois o deixamos como estaba antes, cada tres meses, e se segue axudando a xente a través dos servizos sociais, efectivamente ninguén queda sen pagar porque o asume o concello e esta é a razón da rectificación.

Intervén novamente o Alcalde, abrindo a quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que antes de nada quere que se faga constar na acta que na proposta anterior o que debe reflectir é a cantidade que se vai a aplicar que é a que se vai a publicar na ordenanza, que é a cantidade que se cobra. Polo tanto, ten que reflectir a ordenanza no prezo final, non vale que haxa unha ordenanza publicada e que despois noutro punto que poña que se aprobou un tanto por cen da aplicación do IPC.

Continúa o Sr. Mesías Farías dicindo que en canto a ordenanza da taxa pola distribución do auga nós entendemos que é unha ordenanza nova porque non vemos que exista unha base impoñible na ordenanza que se quere modificar para engadir os conceptos da proposta, porque só fala de dereitos de enganche e colación e utilización de contadores. No artigo. 2. di "que constitúe o feito impoñible da taxa de prestación de servizo de distribución da auga incluíndo dereitos de enganche, colación e instalación de contadores análogas". Despois hai uns conceptos a engadir fai lectura deles, e di que o que quere dicir é que hai unha serie de datos que hai que identificar, cada feito impoñible que se pretende cobrar, polo tanto hai que elaborar unha nova ordenanza porque hai que identificar cada feito impoñible, a xente ten que saber o que paga e de que é.
En resumen di que aproveitan para dicir que hai que revisar todas ordenanzas fiscais para establecer unha ordenanza fiscal xeral, onde ese reflictan as exencións e bonificacións que este é un tema que levamos falando moitos anos e incluso no seu momento solicitou unha comisión para revisar todo isto pero que o grupo de goberno negouse a facer,

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez diríxese ao Alcalde dicindo que nunca tanto lle custou un aprobado que tivo que esperar anos para que lle aprobara as matemáticas, xa que no pleno do 24/11/2015 fai dous anos, dou datos matemáticas que xustificaban que coa aplicación do cobro do recibo bimensual ía subir o auga aos que menos a utilizan e aos que menos recursos teñen púxolle o exemplo dos pensionistas e vostede contestou que non tiña nin idea de matemáticas. O grupo de goberno facía unha subida encuberta do recibo do auga pasando de trimestral a bimensual, pero déronse conta de que os que non sabían de matemáticas eras vostede e o seu grupo de goberno e non atrevéronse a aplicar o recibo bimensual, non foron capaces de aplicar o acordo plenario porque o PP tiña razón e non o quere recoñecer publicamente e hoxe nos dá a razón a súa maneira e ten que revocar este acordo plenario.

Toma a palabra o Sr. Alcalde responde que non ten que revocar nada, que co canon da auga que aprobaron vostedes na Xunta porque o canon do auga o aprobou o PP os que din que non suben os impostos, co canon de vertedura e o canon de mantemento de bombeos o impacto no recibo do auga foi brutal, si ademais a esas persoas lles xuntamos os consumos de auga de tres meses sae máis que se xuntamos os de dous meses, esas son matemáticas, porque o auga de tres meses cámbiache de tramo porque consumes máis o auga de dous meses mantenche en tramos máis baratos esas son as matemáticas.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez dicindo que os tramos non cambiaban.

Continúa o Sr. Alcalde dicindo que o consumo de auga de tres meses é superior ao consumo de auga de dous meses co que necesariamente págase máis esas son as matemáticas, había un beneficio directo aos que máis consumen que son as familias numerosas porque as familias numerosas consumen menos en dous meses que en tres. En consecuencia, os que non consumen auga non cambian de tramo e pagan os tramos evidentemente si os que consumen auga esperamos a tres meses a sumarlle toda a que consumen pasan a tramos caros esa é a razón pola que efectivamente queríamos pasar o recibo a dous meses, evitar que esa acumulación fixera pasar a tramos de onde o tipo e maior e certo que aos que beneficiamos por un lado os prexudicamos por outro a quen sen consumir auga veríanse obrigados a pagar dos mínimos máis ao ano entón houbo que madurar e pensar si o beneficio era maior que o perxuicio e eu teño a miñas dúbidas sobre esta situación. Eu creo que se beneficiaba a quen consumía máis pero é certo que toda a tendencia neste ámbito non vai nesa liña todo o que implica consumo de auga vai na liña de penalizar aos que máis consumen esa é a tendencia o auga e un ben escaso e non se regala máis e a quen consuma máis se lle cobra máis se lle penaliza esa é a tendencia.
Continúa dicindo que sen ter obrigación de facer nada, son libres para ver o que vamos a aprobar preferimos deixalo igual porque baixando a dous meses cóbranse dous recibos máis e iso pode entenderse como un ánimo recaudatorio e ese non era o ánimo, por iso non o aprobamos, demostrando que iso de que dicía que era unha subida de impostos encuberta non o era, ese non era o ánimo, o ánimo era beneficiar aos consumidores de auga e en vez de xuntar tres meses que pode saltar de tramo pois pasarlle cada dous meses que o tramo é inferior, iso é a realidade intentar cobrar menos pero é certo que podía levar a cobrar dous mínimos máis e vendelo vostede como unha subida do auga, pois renunciamos a que vostede nos poida atacar dicindo que é unha subida do auga encuberta, agora vostede non pode dicir iso porque nunca aplicamos o dos dous meses nin o vamos a aplicar, simplemente é evitar que vostede faga política torticera con algo do que a intención real era beneficiar aos grandes consumidores esa é a intención real non cobrar dous mínimos máis.
Vostede non deixa de falar de subida de impostos pero o seu partido parece que leva un criterio contrario porque quen sube os impostos son vostedes.

Intervén novamente o Sr. Alcalde dando paso a segunda quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías pedindo ao Secretario que conste en acta todo isto que se acaba de dicir xa que cree que son conceptos a engadir.

Responde o Sr. Alcalde ao Sr. Mesías Farías dicindo que nós tiñamos unha ordenanza adaptada a un servizo externalizado entón quen cobraba todo isto era Aquagest e iso non estaba na ordenanza porque non o cobraba o concello, agora o servizo é municipal entón hai que incorporar eses conceptos a ordenanza porque agora o cobramos nós, tratase de regularizar o que antes cobraba Aquagest nunha taxa que é o que cobra o concello. Estes conceptos querémolos meter na ordenanza porque é máis transparente, son servizos que sigue dando o concello é a realidade do que lle estamos cobrando aos veciños que antes non estaba porque o cobraba Aquagest pero agora ten que estar na ordenanza porque o Servizo de Augas e Municipal, metemos as mesmas cantidades que xa viña cobrando Aquagest en vez de metelo por decreto da Alcaldía pois prefiro que conste na ordenanza.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías preguntando ao Alcalde si todos eses conceptos van a incluírse na ordenanza desmenuzados.

Intervén novamente o Sr. Alcalde respondendo ao Sr. Mesías Farías dicindo que, si que todos eses conceptos incluiranse na ordenanza desmenuzados, que ata agora coa municipalización subrogamos os prezos pero é mellor que consten na ordenanza.

O Sr. Alcalde pregunta si alguén quere intervir, dálle a palabra a voceira do PP.

Intervén a Sra. Martínez Martínez preguntando si hai algunha bonificación para as familias numerosas que son as que máis consumen.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que el leva gobernando dez anos coas ordenanzas que deixou o PP, non sabe si no seu día o PP as meteu ou non .

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que en dez anos mellorara non vai gobernar copiando ao PP.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que non o copia que el subiu os impostos que seguramente vostedes os baixaban. As ordenanzas son as que están vixentes eu só modifiquei os tipos non modifiquei absolutamente nada, pero si vostedes o incluíron estarán se cando gobernaban non estaban pois non estarán, eu o único que fixen foi a través de Servizos Sociais estudar caso por caso e a ninguén se lle denega a axuda en vez de ter unha regulación xenérica sobre isto o facemos caso por caso e todo o ano entón nin dependen de prazos nin de situacións que poden cambiar. A situación dunha familia pode ser boa en xaneiro e mala en marzo, nos non dependemos de prazos en calquera momento en calquera situación e en calquera tempo non só damos bonificacións senón que asumimos o custe de todo o imposto, o feito de que non están recollidas nas ordenanzas non significa que ignoremos esa realidade ao contrario a temos moi presente.

Toma a palabra a Sra. Martínez Martínez suxerindo que se faga ese tipo de bonificacións as familiar numerosas, nós tampouco sabemos si hai superhabit neste servizo, non o sabemos porque por activa e pasivo solicitou o informe económico-financiero leva anos solicitando desde que se municipalizou o servizo e aínda non se lle contestou co cal, reverta ese superhabit nos que menos ten.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que ese servizo se financia e que é un servizo que implica obras,

ensanches de rede, levamos o auga cada vez a máis sitios temos algunha zona que por falta de presión non chega, hai que facer un novo depósito.

En canto o informe económico-financieiro pode consultalo na conta xeral e aí ten todos os datos do que se gasta e cómo se gasta no concello de Ares porque o orzamento e unha orientación pero como se gasta ven na conta xeral.

Unha vez acabadas as quendas de intervencións o Sr. Alcalde da paso as votacións.

Sometida a votación a modificación da Ordenanza da Taxa pola Distribución da Auga anteriormente transcrita, o Concello Pleno por 7 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 1NAL, 1 Son de Ares) e 6 en contra (3 PP -3 BNG), acorda prestarlle a súa aprobación, e en consecuencia:

1.- Aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza da Taxa pola Distribución da Auga.

2.-Someter o presente acordo a información pública polo período de 30 días mediante publicación no BOP, durante o cal poderase formular alegacións e reclamacións polos interesados. Significando que de non presentarse alegacións ou reclamación entenderase definitivamente aprobada.

**4º.- APROBACIÓN SE PROCEDE DA ORDENANZA REGULADORA DO PREZO PÚBLICO POLA ENTRADA, VISITA E USO DO MOSTEIRO DE SANTA CATALINA.**

Dáse conta da proposta da Alcaldía Ordenanza Reguladora do Prezo Público pola entrada, visita e uso do Mosteiro de Santa Catalina, que seguidamente se transcribe;

Artigo 1.-Fundamento e obxecto.

Esta Entidade Local, en uso das facultades contidas nos artigos 41 a 47 e 127 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais,establece o presente prezo público pola entrada, visita e uso do Mosteiro de Santa Catalina situado en Montefaro.

2.-Feito impoñible.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a prestación dos seguintes servizos:

- A entrada, visita e uso das instalacións do mosteiro de Santa Catalina.

Instalacións obxecto do feito impoñible de uso: comedor grande, comedor pequeno, claustro, patio interior do claustro, cociñas.

Artigo 3.-Beneficios fiscais.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos nas normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

Artigo 4.-Suxeitos pasivos.

A.-É suxeito pasivo, en concepto de contribuínte, a persoa física ou xurídica e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria, que solicite a utilización das instalacións, visitas ou a prestación dos servizos suxeitos e quen as utilicen aínda sen obter a preceptiva autorización.

B.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

C.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e dos síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

Artigo 5.-Base impoñible.

A cota tributaria determinarase mediante o sistema de cotas fixas, conforme as tarifas fixadas no artigo seguinte.

Artigo 6.-Tarifas.

Entrada e visita das instalacións do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro ( no seu caso).

Entrada Xeral: 1 euro/ persoa.

Entrada Reducida: 0,50 euros persoa ( menores de entre 12 e 18 anos, xubilados, pensionistas, posuidores de certificado de discapacidade, familias numerosas).

1.3 Veciñanza de Ares: de balde.

B) Utilización das instalacións do mosteiro de Santa Catalina de Montefaro.

Utilización das instalacións só para sesións fotográficas de casamentos,

bautizos, primeiras comuñóns, celebracións e actos asimilables ( sen uso exclusivo): 80 *euros ( 5 horas ).*

*Non inclúe limpeza da instalación polo que o solicitante deberá deixala limpa tras o seu uso.*

Utilización singular ou excepcional dalgunha das instalacións sen uso exclusivo. A tarifa será *100 euros por 5 horas ou 300 euros polo día natural.*

*Non inclúe limpeza da instalación polo que o solicitante deberá deixala limpa tras o seu uso.*

Cando a utilización singular ou excepcional das instalacións solicitadas do mosteiro impida o normal uso do resto das instalacións relacionadas no artigo 2 polo público en xeral, ou se solicite o uso de todas elas ( uso exclusivo) a tarifa será de *400 euros/día natural,* sen posibilidade de fracción e sen que en ningún caso dito uso exclusivo poida exceder de 3 días continuados.

*Non inclúe limpeza da instalación polo que o solicitante deberá deixala limpa tras o seu uso.*

<u>Os períodos/días/horas solicitados deberán incluír tamén o tempo necesario para a montaxe e desmontaxe das instalacións móbiles que os solicitantes necesiten colocar así como da súa limpeza.</u>

Estarán exentos do pago da correspondente taxa:

-Con relación ao apartado a) 1.1 do artigo 6: *menores de 12 anos e alumnado dos centros de ensinanza canda asistan en visita colectiva organizada.*

-Con relación ao apartado b) 1.2 e 1.3 do artigo 6º: *"as entidades, asociacións e agrupacións que soliciten o seu uso con fins colectivos previo acordo favorable da xunta de goberno tendo en conta a súa vinculación co concello de Ares, os/as destinatario/as e/ou a actividade que desenvolvan".*

Artigo 7.-Retribución.

Retribúese a taxa e nace a obriga de contribuír desde que se comunica a resolución de autorizar a prestación dos servizos regulados nesta ordenanza.

Artigo 8.-Normas de xestión.

A xestión e recadación da taxa correspondente corresponde baixo o control da Tesourería municipal, ó servizo municipal de Cultura e/ ou Patrimonio.

Nos supostos de entradas para as visitas das instalacións, o pago esixirase e acreditarase por medio do boleto ou tícket que se obterá e expedirá no acceso ás instalacións e aboarase antes de ingresar nas instalacións.

Cando medie autorización previa, ó recibir a resolución de autorización da prestación aboarase o importe fixado nesta como taxa, así como un depósito/fianza que garantice a devolución das instalacións no estado no que foron entregadas:

- No caso das solicitudes en virtude do artigo 6. B) 1.1 e 1.2 unha cantidade igual a un tercio da taxa resultante .

- No caso das solicitudes en virtude do artigo 6. B) 1.3 unha cantidade igual á metade da taxa resultante.

As persoas solicitantes recuperarán o depósito/fianza previa comprobación de que se cumpriron as obrigas recollidas nesta ordenanza. No caso de non achegar xustificación de pagamento destes dous conceptos antes da data solicitada non se permitirá o uso das instalacións aínda de ter ditada resolución de autorización.

C) As cotas teñen carácter irredutible.

Artigo 9.-Infraccións e sancións tributarias.

Para a cualificación das infraccións tributarias, asemade como das sancións que a estas corresponden en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei xeral tributaria.

Disposición final.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, aprobouse polo Concello pleno na sesión celebrada ________,entrará en vigor ó día seguinte ó da súa publicación definitiva co texto íntegro e producirá efectos en tanto non se acorde a súa derrogación ou modificación, quedando en todo caso sen efecto cando o mosteiro de Santa Catalina e as súas instalacións atópense en obras que impidan a súa visita, revertan ben polo transcurso do prazo fixado no acordo de cesión de uso ó Concello de Ares do Mosteiro de Catalina de Montefaro ou por calquera dos supostos de reversión anticipada, continuando en vigor se rematado o prazo de cesión a este é prorrogado por ámbalas dúas partes, Concello de Ares e Ministerio de Defensa ou organismo que o substitúa.

Intervén o Sr. Alcalde dicindo que no Mosteiro de Santa Catalina se están gastando moitos cartos de feito se están a facer moitas obras nel e nestes dez anos mellorou moitísimo, foi unha preocupación importante e o demostramos, iso incrementa o uso normal e que haxa moita xente que quere celebrar eventos, a celebración de eventos xenera distorsións a taxa non cubre nin o que gastan de luz nin fan a limpeza unha vez rematado, as veces o uso exclusivo dun día xenera un apalancamento dos dous anteriores e dos dous seguintes por que van a montar e logo van desmontar e claro iso non e o uso dun día iso é usalo catro entón esas distorsións intentanse correxir con esta ordenanza. Esta ordenanza é a que froito da experiencia determinou situacións inxustas e froito de esa experiencia intentamos corrixir.

Intervén novamente o Sr. Alcalde abrindo a quenda de intervencións, dálle a palabra ao voceiro do BNG.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que non se fala para nada de cómo vai ser o control, si alí non hai persoas que non están na entrada quen vai a ocuparse de cobrar aos que entran.

Intervén a Sra. Barrón Ferro dicindo que non se vai cobrar que faise constar en previsión.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que en previsión futura faríamos o que fixemos agora que é coller a ordenanza e reorganizala e deixala ordenada para que se cumpra, estamos facendo a intencionalidade dunha ordenanza que podemos estar ou non de acordo pero que xa sabemos que non se vai a cumprir.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que non se vai a cumprir ese punto pero que mañana se pode cumprir.

Responde o Sr. Mesías Farías dicindo que o que debe reflectir son os datos certos dunha xestión, e si non hai posibilidade de cobrar porque non hai unha persoa para controlar non se debe incluír, o dia que haxa unha persoa pois se colle a ordenanza e se trae este punto para incluír porque xa hai unha persoa encargada de isto senón e empezar a casa polo tellado ou sexa a filosofía a plantexamos e a queremos aprobar pero sen embargo sabemos que non a vamos a poder aplicala.

Intervén o Sr. Alcalde preguntado si xa estaba na anterior ordenanza.

Responde a Sra. Barrón Ferro dicindo que si.

Toma a palabra o Sr. Mesías Farías dicindo que por outro lado tampouco entende porque nas tarefas a entrada xeral pon 1€/ por persoam e para os de Ares de balde, iso paréceme facer unha diferenza bastante grande o que si veríamos ben sería veciñanza de Ares subvencionado que é distinto, subvencionado quere dicir de balde a diferenza e notoria, da mesma maneira que non estamos de acordo con que os que non son de Ares paguen máis de auga, unha tarifa diferenciada entre os veciños de Ares e os de fora porque teñen que pagar máis, non estamos de acordo. Neste caso nós opinamos que a veciñanza de Ares debería de ser subvencionada.

Continúa dicindo que debería quedar reflectida na ordenanza cales son os mecanismos que se van a utilizar aos usuarios que por exemplo pasáronse no consumo eléctrico, supón que iso será a través de cotexar un lector de enerxía electrónico porque ese marca o día a hora e o consumo, non vexo a maneira de que iso sexa verdade. En canto o tema da limpeza e difícil de que se poida levar a cabo si mediante de calquera outro recurso manchan a pedra ou calquera tipo de desperfectos, non o feito de non recoller o non fregar senón cuestión que teñen máis que ver co patrimonio, como vamos a facer non me queda nada claro como se vai a levar a cabo unha ordenanza cando non temos persoal dispoñible. Despois non sei se temos ben claro do que estamos a falar e un patrimonio artístico e que para nada debe ser unha cousa aberta como si fora unha feira ten habido festas e churruscadas que eu entendo que hai que ter un pouco de decoro polo edificio, imaxínese por exemplo que se leve a cabo as obras da cociña que está pendente da deputación vamos a inverter unha gran cantidade de cartos para que logo se fagan así as cousas de aquela maneira, polo tanto eu deixaría isto sobre da mesa con isto non quero dicir que quen fixo a ordenanza non tivera en conta algunhas cousas pero con isto quero dicir que hai cousas que non están nada claras e que creemos que non se van a poder levar a cabo. Polo tanto eu diría de deixalo sobre da mesa para tratar todos eses puntos entre todos de maneira que sexa unha ordenanza que se poida levar a cabo non unha declaración de intención.

O Sr. Alcalde dálle a palabra a voceira do PP

Intervén a Sra. Martínez Martínez dicindo que o que propón o seu grupo e que se fraccionen os recibos en función das horas de uso, por exemplo sesión fotográficas de casamentos, bautizos, comuñóns, celebracións son 5 horas 80€, dou por feito que os bautizos non están 5 horas nin nas comuñóns, despois cando fala de uso exclusivo será de 400€/día natural, sen posibilidade de fracción e sen que en ningún caso dito uso

exclusivo poida exceder de 3 días continuados, os períodos/días/horas solicitados deberán incluír tamén o tempo necesario para a montaxe e desmontase das instalacións móbiles que os solicitantes necesiten colocar así como da súa limpeza, neste caso non aparece recibos fraccionados, e dicir, si hai unha cerimonia leva tempo móntalo o días anterior e recollelo o día posterior entón que se lle vai a cobrar os 400€ polo día anterior e posterior, entón nos pedimos que se fraccione porque sae 1200€ por unha voda.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que o fagan todo o mesmo día.

Toma a palabra a Sra. Martíinez Martínez preguntando como.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que como fan moitos o problema está cando a xente non cumpre, e deixan todo estrado sabendo que o día seguinte hai voda e chegan os noivos e teñen todo feito unha porqueira iso non pode ser eu vin moitas vodas que o facían perfectamente no día montaban e desmontaban todo con comida incluída e outros desaparecen e deixan todo mangado cinco días e iso non pode ser e o que intentamos corrixir, é moi difícil fraccionar e controlar tramos horarios imos controlar días naturais.

Pregunta a Sra. Martínez Martínez si non había aval.

Responde o Sr. Alcalde dicindo que con esta modificación si per antes non había, agora non limpas e hai unha voda o día seguinte pois co aval mandase unha empresa de limpeza e queda listo para a voda do día seguinte, porque e moi feo que pagues un uso exclusivo sobre todo en verano e encontrar os baños feitos unha porqueira non encontrar papel hixiénico as cociñas sen limpar e unha carpa no medio non pode ser e 400€ e do máis barato da comarca e a xente que non poda non hai problema nós somos moi sensibles con ese tema e no tempo da crise celebráronse comuñóns porque non había cartos e foi a propia familia a cociñar para pagar un restaurante e non se cobrou nada por iso non temos problema

Intervén o Sr. Alcalde preguntando si fixan posicións.

